



O IES de Mugardos en colaboración coa ANPA O Castro acolle o programa *Corresponsables* da Federación Galega de Tenis. Trátase de clases de tenis completamente de balde (monitores e materiais) para os nenos e nenas menores de 16 anos. O período de actividade realizarase segundo a elección preliminar das familias entre as entidades suscritas ao programa e meses e horarios dispoñibles. No noso caso comezará no vindeiro mes de xullo polas mañás e continuará polas tardes o primeiro trimestre do vindeiro curso (tardes). O formulario de inscrición permite gran flexibilidade de elección entre horarios e meses.

- **Menores de 16 anos.**

- Grupos reducidos (entre 4 e 8) formados segundo a idade e logo o nivel.

LUGAR:

Pavillón e pista deportiva do instituto

HORARIO:

Xullo, en días e quendas de mañá a elixir.

Setembro, outubro e novembro: de luns a xoves en quendas de tarde a elixir.

INSCRICIÓN

Establécese un prazo de inscrición centralizado a través da [FGTenis](#). Na súa páxina web está dispoñible todo o catálogo de actividades e entidades que as acollen.

Formulario de inscrición do IES de Mugardos

[https://docs.google.com/forms/d/e/
1FAIpQLScGY8Xv_xrz9UgXYwjLyXhS5dNp
t1yHTYpdRkvznjs64Bv3MA/viewform](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLScGY8Xv_xrz9UgXYwjLyXhS5dNpt1yHTYpdRkvznjs64Bv3MA/viewform)

Outras entidades cercanas tamén incluídas neste programa son:

- [ANPA O Pazo de Franza](#)
- [Club de Tenis de Redes](#)

